



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de xuño de 2020 (823-1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Abel Losada Álvarez
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e dez minutos do día un de xuño de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(397).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(398).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ORDENADORES PARA O PROGRAMA “VIGO A FAVOR DA IGUALDADE SOCIAL E DIXITAL”, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 24383/332.
Dáse conta do informe-proposta de data 1/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 12 de marzo de 2020

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.

2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Segundo.- En data 29 de maio de 2020, a xefa do Servizo de Educación e O xefe do servizo de Administración Electrónica, coa conformidade do Concelleiro delegado de educación e Xuventude elabora memoria xustificativa na que pon de releve a necesidade de contratar a subministración de 200 equipos portátiles, (90 "SAMSUNG NP300VA INTEL



Concello de Vigo

CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" e 110 TOSHIBA SATELLITE PRO L830, INTEL i3 / 4GB / 160GB / 14,1") para deixar en préstamo aos nenos e nenas de educación infantil e primaria dos colexios de Vigo e xustifica a elección do contratista, OPCON INFORMATICA, SL.

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é a adquisición de 200 equipos portátiles CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" ou 14,1"
- O prezo é 28.581,41euros (IVE engadido).
- O prazo de entrega é de 1 día para os 90 equipos en stock a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista e o resto no prazo mais breve posible a medida que o contratista volva a ter equipos en stock.
- O prazo de garantía é de 1 ano.

Terceiro.- O licitador seleccionado, OPCON INFORMATICA, SL., declara que ten aptitude para contratar.

Cuarto.- Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 3230.6260000 "Adquisición de medios informáticos".

Ao non existir crédito suficiente, unha vez adoptado o acordo, deberá procederse á súa dotación en 28.581,41 euros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterizase porque nestes casos podese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.

2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.

Da memoria do servizo xestor despréndese que este contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ao coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia.

-II-

DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Se se excedese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Renderase a conta xustificativa do libramento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.



Concello de Vigo

5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

-III-

DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 3230.6260000 "Adquisición de medios informáticos".

Ao non existir crédito suficiente, unha vez adoptado o acordo, deberá procederse á súa dotación en 28.581,41 euros.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

"1º.- Adxudicación do contrato de subministración de 200 equipos portátiles, (90 "SAMSUNG NP300VA INTEL CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" e 110 TOSHIBA SATELLITE PRO L830, INTEL i3 /4GB / 160GB / 14,1") para deixar en préstamo aos nenos e nenas de educación infantil e primaria dos colexios de Vigo que non poden seguir as clases escolares "on line" por carecer de equipos TIC, aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP, as características do contrato son as seguintes:

- *O obxecto do contrato é a adquisición de 200 equipos portátiles CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" ou 14,1"*
- *O prezo é 28.581,41euros (IVE engadido).*
- *O prazo de entrega é de 1 día para os 90 equipos en stock a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista e o resto no prazo mais breve posible a medida que o contratista volva a ter equipos en stock.*
- *O prazo de garantía é de 1 ano.*

2º.- Incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 3230.6260000 "Adquisición de medios informáticos", do crédito necesario para facer fronte ó gasto que se deriva do presente expediente".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(399).- MODIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12853/446.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 1/06/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Área de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 13 de maio de 2020, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación través do procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo.

2.- En data 15 de maio de 2020, publicouse o anuncio de licitación do citado procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

3.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, que remata o 1 de xuño de 2020, formuláronse diversas consultas aos pregos.

4.- En data 25 de maio de 2020, o presidente do comité de empresa de Althenia, S.L., a través do Rexistro Xeral do Concello, con nº documento 200065972, formúla alegacións ao Prego de prescricións técnicas (en adiante PPTP).

5.- En data 26.05.2020 prestouse aprobación ao informe -proposta de aclaracións as cuestións formuladas no porcedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo.

5.- En data 27 de maio de 2020, a “Asociación de empresas de gestión de infraestrutura verde” (ASEJA) presenta ante o Órgano de Contratación escrito con nº documento 200072098, solicitando rectificacións dos pregos que rixen o presente contrato

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

PRIMEIRO.- As reclamacións presentadas se presentan por entidades lexitimadas conforme o artigo 48 da LCSP e no prazo establecido no artigo 50.1 de dita lei.

Respecto a natureza das mesmas cabe indicar que se dirixen ao Concelleiro delegado da area de Parques e xardíns (Comité de Empresa) e ao órgano de contratación, Xunta de Goberno local do Concello (Asociación de empresas de gestión de infraestructura verde" (ASEJA) coa reserva ésta última , de que de non ser atendida a súa petición, interporase recurso especial en materia de contratación, do que se desprende que a finalidade das reclamacións presentadas é provocar un cambio de decisión no órgano que acordou a súa exclusión polo que procede por parte do Concello a súa resolución segundo a doutrina dos Tribunais Administrativos, entre outras, a Resolución 44/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Xunta de Andalucía.

E por isto polo que procede a admisión das reclamacións presentadas.

SEGUNDO.- En canto ao fondo do asunto consta informe xeral do Servizo de Montes, parques e xardíns de data 1.06.2020 en virtude do cal

<< Atendendo ao contido das reclamacións indicadas, procedeuse a revisión dos aspectos indicados nas mesmas e detectáronse unha serie de erros que levan a posibilidade de interpretacións erróneas en relación a conformación das ofertas por parte dos licitadores, polo cal é necesario corrixir o contido do PPTP e da MEMORIA XUSTIFICATIVA do contrato para adecuar os dous textos e, consecuentemente, será necesario recoller estas correccións no PCAP.

As modificacións realizadas foron :

Primeiro.- En relación á reclamación sobre a inviabilidade do servizo economicamente segundo o orzamento base de licitación por non cubrir os gastos necesarios para a execución do servizo así como a cobertura das vacacións do persoal e outros permisos vinculados aos dereitos laborais dos traballadores adscritos o servizo, detéctase unha incongruencia entre o indicado no PPTP e a memoria xustificativa do contrato en relación as esixencias dos procesos para cubrir as vacacións, permisos , baixas e outras incidencias, a cuantificación da carga laboral da categoría de peón, así como os procesos para a cuantificación do persal mínimo esixido no contrato. Prócedese, trala revisión do convenio de referencia, polo tanto a corrección destes erros cunha nova redacción na memoria e no PPTP en base a aos seguintes criterios:

1,- procédese a aclarar a condición de que dita esixencia de persoal mínimo atopase relacionada ao número de postos de traballo indicado cunha carga de traballo ao 100% da xornada laboral ano, e a mesma será computada con efectos de xornada laboral equivalente anual.

2,- co obxecto de garantir o equilibrio do contrato e os prezos de mercado revísase a esixencia de persoal, reaxustando a categoría de peón a un total de 24 traballadores .

3,-adecúanse os textos do PPTP e da memoria xustificativa do contrato en relación ás obrigas da cobertura das esixencias laborais especificando que a obriga de substitución do persoal será nos casos de incidencias por baixas laborais.

4,- a cobertura das vacacións límitase á unha obriga de 30 xornadas vacacionais en relación ao persoal de oficios manuais coa categoría de peón.

Todas estas adecuacións dos criterios unificados como corrección das reclamacións producidas, recollidas no apartado 6 do PPTP "Medios humanos" e nos no apartado 3 da memoria xustificativa do contrato "Estimación de custes de persoal", e anexo III " Modelo orzamento detallado", leva implícito un reaxuste nos importes das anualidades do contrato o cal non implica ningunha modificación na determinación do prezo do contrato, que se mantén no mesmo importe.

Segundo.- Con respecto á acreditación da solvencia técnica respecto á esixencia de estar en posesión de certificacións de calidade do sistema de xestión da calidade e de xestión ambiental, procedese a modificar no apartado 7.2 da memoria xustificativa "Solvencia técnica e profesional" a condición de acreditar atoparse en posesión das certificacións de calidade emitidas por entidade acreditada por organismo ENAC ou similar.

Terceiro.- En relación ás posibles interpretacións subxectivas que adulteren a valoración puramente obxectiva que se esixe á valoración do orzamento detallado, débese informar que non existe tal valoración subxectiva, toda vez que os factores de minorización soamente se aplicarán naqueles supostos nos que o orzamento detallado non conteña algún dos datos requeridos, polo tanto soamente é posible a condición de "sí" ou "non".

Cuarto.- En relación á existencia dun erro material referente a data de antigüidade e tipoloxía do contrato dun posto de traballo de "técnico titulado" no listado de persoal a subrogar presentado pola empresa Althenia, S.L. , procede solicitar á empresa a revisión dos datos aportados e, no novo listado de persoal a subrogar facilitado pola mesma , a tipoloxía do contrato xa figura corrixida. Polo tanto, modifícase o anexo VI do PPTP incorporando listados de persoal a subrogar actualizados e corrixidos. No referente ao erro na data de antigüidade esta administración non pode pronunciarse toda vez que, tal como figura no escrito de alegacións, está pendente dunha resolución xudicial.

Quinto.- O convenio de aplicación aos traballadores que actualmente están traballando para a mercantíl Agronerga, infórmase que, no listado de persoal a subrogar figura o convenio de aplicación a estes traballadores aos efectos de dar cumprimento ao artigo 130 da LCSP. Por outra parte, indicar que na memoria xustificativa do presente expediente do contrato figura o convenio de referencia para a estimación dos custes salariais e, tanto no PCAP como no PPTP, atópanse perfectamente reguladas as obrigas do adxudicatario en relación ao cumprimento das condicións salariais de acordo ao convenio de aplicación.

Sexto.- Respecto á indicación sobre a xornada completa a que se refire o apartado 6.1 do PPTP, débese indicar que é un condicionante de carácter xeral e, polo tanto, non se define como unha imposibilidade para aplicar na xestión de persoal aquelas obrigas reguladas pola lexislación laboral vixente en relación aos dereitos de calquera traballador ou traballadora para solicitar unha redución de xornada laboral polas causas xustificadas ao efecto.



Concello de Vigo

Sétimo.- Respecto a unha das aclaracións na que se solicitaba a ubicación, composición e número de elementos dos servizos hixiénicos procede indicar que no PPTP engadiuse un anexo , ANEXO VII. Ubicación e planos de servizos hixiénicos.

Polo tanto, procede estimar parcialmente as reclamacións presentadas polo Comité de empresa de Althenia, S.L. e a Asociación ASEJA.>>

TERCEIRO.- Dado que hoxe finaliza o prazo de presentación de ofertas, resulta preciso iniciar un novo prazo a contar desde o día seguinte á nova aprobación deste acordo e da mesma duración que o inicial.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, e conforme o artigo 122.a da LCSP a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Comité de Empresa de Althenia SL, e Asociacións Asociación de empresas de gestión de infraestrutura verde” (ASEJA) conforme o sinalado no informe xeral do Servizos de Montes, parques e Xardíns.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares coas correccións correspondentes asinado na data 01 de xuño 2020, a memoria xustificativa do contrato asinada en data 01 de xuño de 2020 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 01 de xuño de 2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 34.237.100,92 €, que inclúe un IVE de 5.941.976,20 € , o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279901 “MANTEMENTO DE XARDÍNS”, que se distribuirá en cinco anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE ANUAL
2020	3.120.742,00 €
2021	6.736.607,78 €
2022	6.879.686,36 €
2023	6.983.482,39 €
2024	6.988.095,89 €
2025	3.528.486,51 €
TOTAL:	34.237.100,92 €

TERCEIRO.- Iniciar un novo prazo de presentación de ofertas da mesma duración que o inicial, a contar desde o día seguinte á aprobación deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince e vinte horas. Como secretaria dou fé.

ME

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez